

SR/A SECRETARIO XERAL TECNICO DA CONSELLERIA DE MEDIO RURAL

No Diario Oficial de Galicia (DOG) número 6, do 10 de xaneiro publícase a resolución da Consellería do Medio Rural, do 27 de decembro de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022 polo que se aproba o acordo sobre as condicións de traballo de determinadas prazas adscritas ás xefaturas territoriais desta consellería.

Esta norma indica:

Preámbulo

*Entre outras accións, a Consellería do Medio Rural ten previsto crear tres novos postos de traballo de carácter **funcionarial** dependentes de cada xefatura territorial: un posto de enxeñeiro/a agrónomo/a, un posto de veterinario/a e un posto de administrativo/a, en cada provincia.*

II. Acordo.

Primeiro. Ámbito de aplicación

a) Subxectivo.

*O presente acordo é de aplicación ás **persoas funcionarias** que ocupen os postos de traballo existentes en cada xefatura territorial que teñen encomendadas as funcións de apoio ás diferentes oficinas agrarias comarcais e dar servizo á Oficina Agraria Móbil, dentro das especialidades agrónoma, veterinario e administrativo, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural...*

Segundo. Ámbito territorial

*Cada **persoa funcionaria pública** contará cun posto de traballo en cada unha das xefaturas territoriais.*

Cuarto. Réxime de presentación de servizo

Traballo ordinario na xefatura territorial

Con carácter ordinario, as persoas traballadoras prestarán servizo en cada unha das xefaturas territoriais, baixo a dependencia do xefe/a territorial, apoiando a aquelas unidades

que sexa necesario. Os períodos durante os cuales **o persoal funcionario** desempeñe o seu traballo...

En todo caso, será necesario que a persoa traballadora atópese, como moi tarde, ás 9.00 horas na oficina agraria comarcal de destino na que prestará servizo no devandito día, salvo caso de forza maior allea ao **persoal funcionario**.

O Acordo, por tanto, afecta única e exclusivamente a persoal funcionario.

Por outra banda, a lei de liberdade sindical indica:

Para os efectos desta Lei, considéranse traballadores tanto aqueles que sexan suxeitos dunha relación laboral como aqueles que o sexan dunha relación de carácter administrativo ou estatutario ao servizo das Administracións públicas

As organizacións sindicais teñen dereito ao exercicio da actividade sindical na empresa ou fóra dela, que comprenderá, en todo caso, o dereito á negociación colectiva

En canto á lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, contempla:

TÍTULO VII

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Dereitos de exercicio colectivo dos empregados públicos

Artigo 148. Principios xerais aplicables aos dereitos á negociación colectiva, á representación e á participación institucional para a determinación das condicións de traballo.

Por negociación colectiva, a efectos desta lei, enténdese a negociación da determinación de condicións de traballo entre as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei e os seus empregados.

CAPÍTULO II

Negociación colectiva

Artigo 149. Principios xerais da negociación colectiva do persoal funcionario.

1. A negociación colectiva de condicións de traballo do persoal funcionario, que está suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, efectúase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c), 7.1 e 7.2 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou normas que os substitúan, e o previsto neste capítulo.

2. Para estes efectos, constituíranse mesas de negociación nas que estarán lexitimados para estar presentes, por unha banda, a representación da Administración pública correspondente e, por outra, as organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia,

así como os sindicatos que obtivesen o dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución.

Así mesmo, debemos trasladar os seguintes feitos:

1.- O Sindicato de Empregados Públicos de Galicia, SEPGA, representa a funcionarios da Xunta de Galicia e nas últimas eleccións sindicais **logrou 19 delegados sindicais o que lle leva a constituírse como a terceira forza sindical** de representación do persoal funcionario na Administración Autonómica Galega.

De feito, así se corresponde a súa presenza na Mesa Sectorial de Funcionarios da Xunta de Galicia.

Ignoramos se a Consellería do Medio Rural descoñece este feito, aínda que, a propia Lei do emprego público de Galicia contempla que *“As administracións públicas incluídas no ámbito da aplicación da presente lei dispoñerán dun rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo das mesmas”*,

2.- En calquera caso, manifestamos a nosa sorpresa polo feito de que un acordo asinado o 4 de agosto de 2022, se lle da publicidade mediante a súa publicación no boletín oficial da Comunidade Autónoma **máis de cinco meses despois da súa firma**, tendo en conta que o Acordo consta como do 4 de agosto e a data de publicación é do 10 de xaneiro.

3.- Chama a atención a **falta de comunicación e de cauces legais** para que un sindicato representativo dos dereitos colectivos dos funcionarios, como indicamos anteriormente, **sexa ignorado na negociación dos dereitos colectivos de funcionarios**, máxime cando xa non é a primeira vez que ocorre respecto de a Consellería do Medio Rural.

Á vista do exposto, **considerando que se están vulnerando os nosos dereitos** de representación sindical, **así como o dereito para ser representados de todos os nosos afiliados e simpatizantes**, especialmente numerosos entre os grupos e escalas cara a quen se dirixe as condicións deste acordo, queremos chamar a atención, na idea,

- **En primeiro lugar, de recibir unha explicación sobre os motivos que levaron a esta Consellería para non convocar para participar na negociación do Acordo ao sindicato SEPGA e**
- **En segundo lugar, corrixir este tipo de situacións para que non se volvan a reproducir no futuro estes feitos, o que sen dúbida nos/nos obrigaría a emprender as accións legais pertinentes.**

Sen máis e á espera de recibir a súa contestación, reciba un cordial saúdo.

Atentamente,

O COMITÉ EXECUTIVO SEPGA.